



VII

*O pronome persoal***EXERCICIOS**

1. Coloca nas seguintes oracións *te* ou *che* segundo conveña.
 - a. Ha_ gustar moito París.
 - b. Érgue_ axiña da cama que _ levo eu.
 - c. Dou_ tres euros e mércasmo ti.
 - d. Cando _ diga como foi non o cres.
 - e. Cantas alegrías _ deu a túa filla!
 - f. Non _ equivocaches, vai_ ben.
 - g. Que _ dixo que a presentación era ás oito?
 - h. Deixaron_ ir ao cine?
 - i. Xa _ coseu a blusa vermella.
 - l. Escribo_ para que vexas que _ lembro.
2. Coloca o pronome no lugar no que lle corresponda.
 - a. Cando chames vou. (me)
 - b. Quen agarra a ti? (te)
 - c. Que dera estar na praia! (me)
 - d. Preguntou se quería recibir. (lle, o)
 - e. Non gusta erguerse cedo. (lle)
 - f. Ninguén decatou da túa presenza. (se)
 - g. Pintou a casa moi rápido. (nos)
 - h. Quere que indique a dirección. (vos)
3. Escribe as seguintes oracións en negativo. Observa o comportamento do pronome.
 - a. Xoana déixalle os xoguetes de boa gana á irmá.
 - b. O ladrón rouboume o teléfono.
 - c. Cando chegou, deunos un bico.
 - d. O conserxe entregoulle un paquete a Saleta.
 - e. Marta lavouse antes de comer.
4. Detecta os pronomes átonos incorrectos e ponlles a forma correcta.
 - a. Xa te dixen que non che ía acompañar.
 - b. Quéroche dicir unha cousa.
 - c. Búscosche á saída do cine.
 - d. Ela foiche recoller ás cinco e media.

MATERIAIS DE APOIO

EDIXGAL. UD 7: Apartado 4. Funcionamento da lingua: o pronome persoal átono.